



ORDENANZA 1.03
IMPOSTO SOBRE O AUMENTO DE VALOR DOS TERREOS
DE NATUREZA URBANA

Artigo 1º. Fundamento e natureza

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 y 142 da Constitución e 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e dos artigos 15.1 e 59.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, este Concello establece o imposto sobre o incremento do valor dos terreos de natureza urbana, que se rexerá polo disposto na devandita Lei e pola presente Ordenanza fiscal.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible deste imposto, o incremento do valor que experimenten os terreos de natureza urbana e de características especiais a efectos do IBI, e que se manifeste por mor da transmisión da propiedade dos mesmos por calquera título, ou da constitución ou transmisión de calquera dereito real de goce, limitativo do dominio, sobre os devanditos terreos.

Terán a consideración de terreos de natureza urbana e de características especiais os así cualificados polo artigo 7.2 e 8 do Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario. Non será preciso para a esixencia do imposto que os citados terreos estean contemplados como tales no Catastro ou Padrón do IBI.

2. Non está suxeitos a este imposto:

- a) O incremento do valor que experimenten os terreos que teñan a consideración de rústicos para os efectos do Imposto sobre bens inmoables.

- b) As achegas de bens e dereitos realizadas polos membros á sociedade conxugal, as adxudicacións que ó seu favor e en pagamento delas se verifiquen e as transmisións que se fagan ós cónxuxes en pagamento dos seus haberes comúns
- c) As transmisións de bens inmoables entre cónxuxes ou a favor dos seus fillos, como consecuencia do cumprimento de sentencias nos casos de nulidade, separación ou divorcio matrimonial, sexa cál sexa o réxime económico matrimonial.

Artigo 3º. Exencións

1. Están exentos deste imposto os aumentos de valor que se produzan como consecuencia de:

- a) A constitución e transmisión de calquera dereito de servidume.
- b) As transmisións de bens que se encontren dentro do perímetro delimitado como Conxunto histórico-artístico, o teñan sido declarados individualmente de interese cultural, segundo o establecido na lei 16/1985 de 25 de xuño, do patrimonio histórico español cando seus propietarios ou titulares de dereitos reais acrediten que realizaron ó seu cargo obras de conservación, mellora ou rehabilitación en ditos inmoables.

Para estes efectos, as obras de conservación, mellora ou rehabilitación de inmoables deberán cumprir os seguintes requisitos:

- 1) Deben realizarse ó amparo do establecido nos capítulos un e dous do Título cuarto do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica

- 2) Débense ter realizadas con posterioridade á entrada en vigor do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica
- 3) As obras terán que ser finalizadas dentro do período comprendido nos vinte anos inmediatamente anteriores a data do devengo do imposto.
- 4) O importe das obras será como mínimo o 30% do valor de construción do inmovible a efectos do Imposto sobre bens inmovibles de natureza urbana, correspondente ó ano de conclusión da obra

Esta exención terá carácter rogado, e á solicitude do interesado deberase de acompañar a seguinte documentación:

(a) Licencia de obras

(b) Certificado final de obra

O departamento de Urbanismo emitirá informe sobre a adecuación das obras os requisitos esixidos para a concesión da exención. En base o mesmo, o servizo de xestión e inspección tributaria emitirá a proposta de resolución e a Comisión de Goberno resolverá a concesión ou denegación da mesma.

2. Tamén están exentos deste imposto os incrementos de valor cando a obriga de satisfacerlo recaia sobre as persoas ou entidades indicadas no artigo 105.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.
3. Gozarán así mesmo de exención, os aumentos de valor nos que a cuota líquida sexa inferior a 6,00 euros

Artigo 4º. Bonificación

Nas transmisións dos terreos e nas transmisións ou constituicións de dereitos reais de goce limitativos de dominio a título lucrativo, por causa de morte, cando os suxeitos pasivos do imposto sexan descendentes e adoptados ou ascendentes e adoptantes, ou cónxuxe do causante, a cuota íntegra do imposto será bonificada en función do valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no **territorio nacional**, mediante a aplicación das seguintes porcentaxes:

- a) Bonificación do 95% da cuota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no **territorio nacional** non supera os 75.000 €.
- b) Bonificación do 75% da cuota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no **territorio nacional** é maior de 75.000€ pero non supera os 150.000 €.
- c) Bonificación do 50% da cuota do Imposto se o valor catastral do solo do conxunto de bens inmobles de natureza urbana de que sexa titular o causante no **territorio nacional** é maior de 150.000 €.

Esta bonificación deberá solicitarse dentro dos prazos establecidos no artigo 9 para a obligación de practicar autoliquidación do imposto e xunto con ela os solicitantes presentarán:

- 1) **Certificación catastral dos inmobles titularidade do causante no momento do falecemento con indicación do valor catastral dos mesmos.**
- 2) **Relación dos inmobles de natureza urbana propiedade do causante no momento do seu falecemento no que se recolla o importe do valor catastral dos mesmos.**
- 3) **Documentación acreditativa da titularidade dos inmobles de natureza urbana propiedade do causante.**
- 4) **Certificado de defunción do causante.**
- 5) **Testamento ou acta de declaración de herdeiros.**

6) Certificado de últimas vontades do causante.

7) Libro de familia.

En base a documentación aportada polo obrigado tributario, o servizo de xestión e inspección tributaria emitirá a proposta de resolución e a Xunta de Goberno Local resolverá a concesión ou denegación da bonificación.

Artigo 5. Suxeitos pasivos

1. Son suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte:
 - a) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título lucrativo, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuio favor se constitúa o transmita o dereito real de que se trate.
 - b) Nas transmisións de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio a título oneroso, o transmisor do terreo ou a persoa que constitúa ou transmita o dereito real de que se trate.
2. Nos supostos a que se refire a letra b do apartado anterior, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte, a persoa física ou xurídica, ou a entidade a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que adquira o terreo ou a cuio favor se constitúa ou transmita o dereito real de que se trate, cando o contribuínte sexa unha persoa física non residente en España.

Artigo 6º. Base imponible

1. A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos posto de

manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.

2. A efectos da determinación da base imponible, terase en conta o valor do terreo no momento do devengo, consonte co previsto no artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais
3. O porcentaxe a aplicar sobre o valor do terreo no momento do devengo será o resultado de multiplicar o porcentaxe do 2,5 anual polo número de anos ó longo dos cales se manifeste o incremento de valor.
4. Para determinar o porcentaxe anual aplicable e o número de anos polos que se multiplica dito porcentaxe, só se considerarán os anos completos que integran o período de posta de manifesto do incremento do valor, sen que poidan considerarse as fraccións de anos de dito período

Artigo 7. Cota tributaria

A cota tributaria íntegra será a que resulte de aplicar á base imponible o tipo do 26%.

Artigo 8º. Obriga de contribuír

1. O imposto esíxese:
 - a) Cando se transmita a propiedade do terreo, a título oneroso ou gratuito, entre vivos ou por mor de morte, na data da transmisión.
 - b) Cando se constituía ou transmita calquera dereito real de goce limitativo do dominio, na data na que aconteza a constitución ou transmisión.
2. Para os efectos do disposto no número anterior, considerarase como data da transmisión:

- a) Nos actos ou contratos entre vivos, a do outorgamento do documento público e, cando se trate de documentos privados, a da súa incorporación ou inscrición nun Rexistro Público ou a da súa entrega a un funcionario público por razón do seu cargo.
 - b) Nas transmisión por morte, a do falecemento do causante.
3. De se declarar por resolución firme xudicial ou administrativa a nulidade, rescisión ou resolución do acto ou contrato determinante da transmisión do terreo ou dereito de goce limitativo do dominio, o suxeito pasivo poderá reclama-la devolución do importe pagado, sempre que aquel acto ou contrato non producira efectos lucrativos e que a reclamación da devolución se faga no prazo de cinco anos dende a firmeza da resolución. Entenderase que existe efecto lucrativo cando non se xustifique que os interesados deban efectua-las recíprocas devolucíons a que se refire o artigo 1.295 do Código Civil. Mesmo no caso de que non se produciran efectos lucrativos, se a rescisión ou resolución se declarase por incumprimento das obrigas do suxeito pasivo do Imposto, non haberá dereito a devolución.
4. Se o contrato queda sen efecto por acordo mutuo das partes, non se devolverá o importe pagado por se considerar como un acto novo que debe tributar. Para estes efectos, estimarase como mutuo acordo a avinza en acto de conciliación e a sinxela conformidade cá demanda.
5. A cualificación dos actos ou contratos en que medie algunha condición farase con amaño ás prescricíons contidas no Código Civil. Se esta é suspensiva non se liquidará o Imposto en tanto non se cumpra. Se a condición fose resolutoria, esixirase o imposto dende aquela, a reserva, cando a condición se cumpra, de face-la oportuna devolución segundo a regra do apartado anterior.

Artigo 9º. Normas de xestión

- 1. Os suxeitos pasivos estarán obrigados a practicar autoliquidación do imposto e a ingresar o seu

importe na Caixa de Recadación ou na entidade bancaria debidamente autorizada nos seguintes prazos:

- a) Nas transmisións inter vivos e na constitución de dereitos reais de goce , así como nas donacións, dentro dos trinta días hábiles seguintes a aquel no que tivera lugar o feito impoñible.
- b) Nas transmisións mortis causa, dentro do prazo de seis meses a contar desde a data do falecemento do causante. Con anterioridade o vencemento deste prazo, o suxeito pasivo poderá instar a prorroga do mesmo por outro prazo de ata seis meses de duración, que se entenderá tacitamente concedido polo tempo concreto solicitado.

2. A autoliquidación practicarase por calquera dos seguintes medios:

a) No impreso que ao efecto facilitará a administración tributaria local que será subscrito polo suxeito pasivo ou polo seu representante legal. Debe acompañarse con ela fotocopia do DNI ou NIF, tarxeta de residencia, pasaporte ou CIF do suxeito pasivo e copia simple do documento notarial xudicial ou administrativo en que conste o acto, feito ou contrato que orixina a imposición. Tratándose da transmisións por causa de morte, ademáis, o certificado de defunción do causante, e a declaración de herdeiros.

b) A través da Web municipal do Concello de Santiago de Compostela. Neste caso, a remisión da documentación a que se fai referencia no punto a) deberá presentarse no Concello no prazo de 15 días seguintes á presentación da autoliquidación na web.

3. A autoliquidación non poderá esixirse, en todo caso, no suposto previsto no parágrafo terceiro da letra a do apartado 2 do artigo 107 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Artigo 10º. Deber de colaboración

1. Con independencia do disposto no apartado 1 do artigo 110 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de

5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e no artigo 93 da Lei xeral tributaria, están igualmente obrigados a comunicar ó Concello a realización do feito impositivo nos mesmos prazos que os suxeitos pasivos:

- a) O doador ou persoa que transmita o dereito real, nos supostos do apartado a) do artigo 5.1 da presente Ordenanza.
 - b) O adquirente ou persoa á que se transmita o dereito, nos supostos do apartado b) do devandito artigo.
2. Os Notarios tamén estarán obrigados a remitir ó Concello, na primeira quincena de cada trimestre, relación ou índice de tódolos documentos que autorizaran no trimestre anterior, incluíndo feitos, actos ou negocios xurídicos que poñan de manifesto a realización do feito impositivo deste imposto, fora os actos de derradeira vontade. Tamén estarán obrigados a remitir, na primeira quincena de cada trimestre, relación dos documentos privados dos mesmos feitos, actos ou negocios xurídicos que se lles presentaran para coñecemento ou lexitimación de sinaturas. Esta obriga non será esixida cando o Concello poida descargar do servidor web da Axencia Notarial de Certificación o índice trimestral no que se recolle a mencionada información. Todo isto sen prexuízo do deber xeral de colaboración establecido pola Lei Xeral Tributaria.

Artigo 11º. Infracción e sancións

Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e a cualificación das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 25 de outubro de dous mil sete. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil oito, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.